Proxecto de investigación
Estudo da relación entre temperatura e turbidez da auga


Dominio público

As augas de Galicia caracterízanse por ter baixas temperaturas e pouca transparencia, é dicir, moita turbidez. Imos analizar como cambian ambas variables ao longo do tempo para intentar atopar relación entre ambas.

1. Analizamos os recursos dos que dispoñemos e o problema.

Como pode ver no vídeo (enlazado na imaxe da esquerda), os mergulladores podemos coñecer a temperatura da auga e a visibilidade (turbidez) grazas ao ordenador de mergullo. Para facelo dende superficie precisamos dun termómetro e dun disco de secchi.

2. Buscamos información.
   Que sabemos das variacións de temperatura? E das variacións de turbidez?
3. Propoñemos unha hipótese de traballo.
   A nosa hipótese de traballo é que existe relación entre temperatura e turbidez. Ambas cambian xuntas ao longo do tempo.
4. Realizamos un deseño de investigación.
   Imos realizar medicións de temperatura e turbidez ao longo da costa. Necesitamos mínimo cinco puntos de medición. En cada punto mediremos temperatura e turbidez. Para evitar a influencia doutras variables realizaremos a medición todos os días máis ou menos á mesma hora. Temos que tomar medidas durante mínimo un mes e un mínimo de quince medidas
5. Resultados da nosa investigación. Como variou a temperatura? E a turbidez? Existe relación entre ambas variables?
6. Redactamos un artigo co traballo realizado. (tes máis información no apartado do método experimental)
7. Expoñemos en clase o traballo de investigación.

Este deseño do proxecto de investigación non é máis que unha proposta.

Na túa man está modificalo para facelo o teu proxecto.